




1. Procura na Rede imaxes dos polígonos industriais de Agrela, Boisaca, Culleredo, Pocomaco, Sabón e O Tambre. Comenta as seguintes paixaxes industriais atendendo aos seguintes factores:
 - a) Localización xeográfica concreta no espazo (industria aillada, polígono industrial clásico ou modernos: parques empresariais e tecnolóxicos) e características da contorna (topografía, interior, costa, urbano ou rural, etc).
 - b) Factores da localización industrial: clásicos (materias primas, fontes de enerxía, mercado, transporte, man de obra, capital, etc) e novos (difusión industrial, industrialización endóxena ou esóxena, etc),
 - c) Tipos de localización industrial (concentrada ou espallada) indicando as vantaxes e inconvenientes de cada tipo nos casos analizados.
 - d) Infraestruturas de transporte que aparecen nestes casos.
 - e) Servizos dependentes directa ou indirectamente desas industrias (talleres, almacéns, oficinas, transportes, etc).



2. Características xerais da industria:
 - a) Tipo de industria que aparece nesas imaxes: de produción de enerxía, pesada (de base ou de bens de equipo), lixeira (de uso e consumo).
 - b) Subsector produtivo ao que pertencen: metalurxia, química, agroalimentario, mecánica, etc.
 - c) Tamaño e grado de desenvolvemento tecnolóxico.
 - d) Importancia e situación actual do tipo de industria ou do sector (sectores maduros, en declive, reconversión, en desenvolvemento, etc)



3. A situación actual e o futuro da industria en España: Problemáticas estruturais, consecuencias da integración na UE para o sector, pegada medioambiental das actividades industriais, perspectivas e alternativas de futuro.